

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE DECEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dez de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de novembro de 2019 e da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de decembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 28 de novembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, Juan González

Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de 27 de novembro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, Ministerio de Política Territorial e Función Pública, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2020. (Boletín Oficial do Estado número 291, do 4 de decembro de 2019).
- Real decreto 716/2019, de 5 de decembro, do Ministerio de Facenda, polo que se modifican o Real decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e o Real decreto 700/1988, de 1 de xullo, sobre expedientes administrativos de responsabilidade contable derivados das infraccións previstas no título VII da Lei xeral orzamentaria. (Boletín Oficial do Estado número 293, do 6 de decembro de 2019).
- Anuncio de información pública de Augas de Galicia. Servizo Territorial da Zona Galicia Norte, respecto da execución do proxecto de "itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva (PQ 1+840+2+340) e na AC-214. Treito: A Xira-Cambre (PQ 7+220-8+540). (Boletín Oficial da Provincia número 233, do 9 de decembro de 2019).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 29 de novembro ao 4 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2413/2019 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2443/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
02413/2019	29-11-2019	Facturas con reparos sen efectos suspensivos
02414/2019	29-11-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de decembro de 2019
02415/2019	29-11-2019	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M J L B, Expediente nº 3499
02416/2019	29-11-2019	Expediente de xeración de crédito núm. 09/2019. Axente de emprego e desenvolvemento local 2019/2020.
02417/2019	29-11-2019	Licenza para construción de vivenda en Anceis a nome de D.G.L.
02418/2019	29-11-2019	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		do mes de outubro de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de novembro de 2019.
02419/2019	29-11-2019	Liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do ano 2018.
02420/2019	29-11-2019	Modificación do decreto de aprobación da Campaña de Nadal 2019/20
02421/2019	02-12-2019	Designación relator Faladoiro O conde de Andeiro
02422/2019	02-12-2019	Convocatoria Xunta Voceiros ordinaria mes decembro 2019 o 5 de decembro (supletoria do 12 de decembro de 2019)
02423/2019	02-12-2019	Celebración Xunta Voceiros extraordinaria 5 de outubro de 2019
02424/2019	02-12-2019	Concesión dos premios do XIX Torneo de xadrez Agosto en Cambre 2019 e do I Torneo de xadrez Cambre Biltz 2019
02425/2019	02-12-2019	Convocatoria Xunta de Voceiros extraordinaria o 5 de decembro de 2019 ás 20,15 horas.
02426/2019	03-12-2019	Aprobación xustificación 2ª parte Convenio Sementeira 2019
02427/2019	03-12-2019	CM para impresión de carteis, pegatinas, álbum do Moucho, folletos deplegables
02428/2019	03-12-2019	Subministración de dúas mesas de tenis de mesa
02429/2019	03-12-2019	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
02430/2019	03-12-2019	CM Contacontos en inglés/Actividades de animación á lectura
02431/2019	03-12-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2019
02432/2019	04-12-2019	Expediente contencioso-administrativo nº 0000225/2019 de C.B.P. e a Comunidade de Propietarios contra o Concello de Cambre por instalación de lavandería na Tapia, O Temple, Cambre. Propiedade: JDL, Lavanderías.
02433/2019	04-12-2019	Aprobación da xustificación e proposta de pagamento das subvencións municipais a entidades non lucrativas para actividades culturais, investimentos culturais, transporte de aparellos e festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial 2018, tras requirimento
02434/2019	04-12-2019	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias entidades sen fins lucrativos para a realización de traballo práctico na ocupación de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións dentro do obradoiro de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		emprego "PROXEDIS - PROWEB" 2019-2020
02435/2019	04-12-2019	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a A.P.V.
02436/2019	04-12-2019	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a A.A.P.
02437/2019	04-12-2019	Concesión axuda 5 recibos de luz por importe total de 121,74 euros a B.I.L.
02438/2019	04-12-2019	Concesión axuda aluguer a R.M.B.J. por importe de 300 euros
02439/2019	04-12-2019	Concesión axuda tratamento odontolóxico a A.D.R. por importe de 360 euros
02440/2019	04-12-2019	Subministración dunha máquina fregadora aspiradora para os pavillóns deportivos municipais
02441/2019	04-12-2019	Resolución admitidos Xogando no Nadal 2019
02442/2019	04-12-2019	Axuda emerxencia social vale alimentos a M.P.Y.L.
02443/2019	04-12-2019	Cobro curso monitor comedor escolar 2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Serviplus total, S.L.U.*, adxudicataria do servizo de "Actividades educativas municipais promovidas polo Concello de Cambre". Expediente 2014/C004/000004
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Cambre Ocio, S.L.*, adxudicataria da "Concesión do programa Mañanceiro, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre". Expediente 2015/C006/000004
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.(INSTELEC)*, adxudicataria da obra denominada "Actuacións de mellora e aforro no alumado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015", incluída no POS Adicional 1/2016". Expediente 2017/C003/000001
- Proposta de adxudicación da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II", a prol do licitador "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 78.347,11 euros sen IVE, 94.800 euros IVE incluído. Expte: 2019/C003/000001
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Cambre Ocio, S.L.*, adxudicataria do servizo de "Intervención social coa mocidade, para o desenvolvemento de actividades de



información e dinamización xuvenil na casa da Xuventude - Casa das Palmeiras, do concello de Cambre". Expediente 12/12-5 SERV

- Proposta de aprobación do "Proxecto básico e de execución para o edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Cambre". Expediente 2019/C003/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Serviplus total, S.L.U.*, adxudataria do servizo de "*Actividades educativas municipais promovidas polo Concello de Cambre*". Expediente 2014/C004/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 15 de abril de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Serviplus total, S.L.U.* para o servizo de "*Actividades educativas municipais promovidas polo Concello de Cambre*"

Expediente 2014/C004/000004

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 27/03/2015 e importe de 1.001,02 euros, con número de rexistro 612, por medio de un aval bancario nº 0049-8648-90-2110000025 de data 24/03/2015, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 23 de setembro de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 28 de novembro de 2019.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do (TRLCSP) Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Serviplus total, S.L.U.*", con CIF B7001.... e enderezo na Rúa Pondal, nº1, baixo dereita, 15679, Cambre, no expediente número

2014/C004/000004, para o servizo de “*Actividades educativas municipais promovidas polo Concello de Cambre*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Cambre Ocio, S.L., adxudataria da “Concesión do programa Mañanceiro, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre”. Expediente 2015/C006/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 9 de setembro de 2015, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Cambre Ocio, S.L* para o servizo de “*Concesión do programa Mañanceiro, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre*”.

Expediente 2015/C006/000004

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva en metálico de data 02/09/2015 e importe de 13.935,24 euros, na Tesourería municipal con número de rexistro 622, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola animadora deportiva adscrita a educación e coa conformidade do coordinador de actividades culturais e deportivas, con data do 28/11/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 29 de novembro de 2019.

A teor do establecido nos arts. 102.2 e 222.3 do (TRLCSP) Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Cambre Ocio, S.L.”, con CIF B7008... e enderezo na Praza Europa, Nº4, 5-esquerda, 15660, Cambre, no expediente número 2015/C006/000004, a “*Concesión do programa Mañanceiro, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.(INSTELEC)*, adxudataria da obra denominada “*Actuacións de mellora e aforro no alumeado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015*”, incluída no POS Adicional 1/2016”. Expediente 2017/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

Visto que con data 12 de xuño de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.(INSTELEC)* para a execución da obra denominada “*Actuacións de mellora e aforro no alumeado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015*”, incluída no POS Adicional 1/2016”. Expediente 2017/C003/000001

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía definitiva por medio de un aval bancario e importe de 1.547,59 euros, con número de rexistro 745 e data de 31/05/2017, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal, con data do 26 de agosto de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 28 de novembro de 2019.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.(INSTELEC)*”, con CIF B1502... e enderezo na Rúa Ermita, nº 34 Polígono Industrial A Grela 15008 A Coruña, no expediente número 2017/C003/000001, para a execución da obra denominada “*Actuacións de mellora e aforro no alumeado público nas parroquias de Anceis, Brexo, Cambre e Cecebre, Cambre 2015*”, incluída no POS Adicional 1/2016”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D. - Proposta de adxudicación da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II”, a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L.”, no prezo ofertado de 78.347,11 euros sen IVE, 94.800 euros IVE incluído. Expte: 2019/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000001 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II”, cun orzamento base de licitación de 120.000 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 30 de outubro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data, a prol do licitador “Jardinería Arce, S.L.”, no prezo ofertado de 78.347,11 euros sen IVE, 94.800 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa

solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 25 de novembro de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 4 de decembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 413/2019 Fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 4 de decembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 9 de outubro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na Cláusula 11.1 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A. do mesmo:

- Canarga, S.L
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- Jardinería Arce, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 24 de outubro de 2019, que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 30 de outubro de 2019, a seguinte puntuación correspondente aos criterios non evaluables mediante fórmulas:

EMPRESAS	Fase I
CANARGA SL	16,75
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	13,00
JARDINERIA ARCE SL	20,75

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 30 de outubro de 2019, a puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios evaluables mediante fórmulas co seguinte resultado:

	Puntuación Valoración económica	Puntuación incremento prazo de garantía	TOTAL



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Canarga, S.L.	1,17	25,00	26,17
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	23,33	25,00	48,33
Jardinería Arce, S.L.	44,00	25,00	69,00

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, e de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 30 de outubro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

		1ª Fase	2ª Fase	TOTAL
1º	Jardinería Arce SL	20,75	69	89,75
2º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA	13,00	48,33	61,33
3º	Canarga SL	16,75	26,17	42,92

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 30 de outubro de 2019, adxudicar o contrato para execución da obra de "Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase II)", (expediente núm. 2019/C003/000001), a favor da empresa "**Jardinería Arce, S.L.**", con NIF B1554---- e domicilio na rúa Manuel Murguía nº 4-6, rentresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 78.347,11 euros sen IVE (94.800,00 euros IVE incluído), un prazo de garantía de 5 anos, e cos compromisos recollidos no Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación medioambiental ofertados, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxas da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, no incremento do prazo de garantía a cinco anos, e no programa de traballo presentado, criterios nos que esta entidade obtivo a maior puntuación.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Sétimo: De conformidade coa Resolución de alcaldía nº 229/2019, de 8 de febreiro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000470, a dirección de obra e coordinación de Seguridade e saúde correspóndelle á entidade "Muñiz Mas Alfaya, S.L.P."

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e á empresa encargada da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato que se designe, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E.- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Cambre Ocio, S.L.*, adxudataria do servizo de “Intervención social coa mocidade, para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na casa da Xuventude - Casa das Palmeiras, do concello de Cambre”. Expediente 12/12-5 SERV

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 9 de outubro de 2012, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Cambre Ocio, S.L* para o servizo de “Intervención social coa mocidade, para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na casa da Xuventude-Casa das Palmeiras, do concello de Cambre”.

Expediente 12/12-5 SERV

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva en metálico de data 27/09/2012 e importe de 777,11 euros, na Tesourería municipal con número de rexistro 552, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo animador xuvenil , con data do 22 de novembro de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 25 de novembro de 2019.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Cambre Ocio, S.L.*”, con CIF B7008... e enderezo na Praza Europa, Nº4, 5-esquerda, 15660, Cambre, no expediente número 12/12-5 SERV, para o servizo de “Intervención social coa mocidade, para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil na casa da Xuventude- Casa das Palmeiras, do concello de Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F.- Proposta de aprobación do “Proxecto básico e de execución para o edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Cambre”. Expediente 2019/C003/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con datas do 28/05/2019 e 25/9/2019 asínanse polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira os catro documentos que integran o “Proxecto básico e de execución para o edificio socio cultural da parroquia de Cela. Cambre”, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído.

Dito proxecto consiste na construción dun pequeno equipamento, edificio socio cultural, cun programa amplo de espazos, tratando que sexan o máis polivalentes posible. O programa de estancias que se desenvolve en planta é froito das necesidades observadas polos representantes da Asociación de Veciños da parroquia de Cela: sala de usos múltiples (para actividades de ioga, pilates, ximnasio, reunión, etc.) e unha estancia que funciona como salón de estar, cafetería, espazo de festas, comedor e reunión, cunha pequena cocíña. Tamén conta cun despacho para a actividade administrativa da asociación. Inclúe dous baños adaptados, un deles con ducha e posibilidade de funcionar como vestiario. Vinculada á zona de cafetería dispónse un espazo de terraza, parte do cal atópase protexido da choiva.

Visto que o Pleno da Corporación con data 29/07/2019 aprobou o expediente de crédito extraordinario número 1/2019 por importe de 221.759,04 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais, no que se inclúe o importe destinado ao “Edificio socio cultural na parroquia de Cela”.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data 5/12/2019, de conformidade e supervisión técnica favorable a proxectos externos.

Visto o artigo 231.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que **“a adjudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída ao outro órgano por unha norma xurídica”**.

En relación con este, o artigo 236 da LCSP determina que **“aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o reformulo do mesmo, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a despoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución (...) Unha vez realizado o reformulo incorporárase o proxecto ao expediente de contratación”**.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da

Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o "Proxecto básico e de execución para o edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Cambre", redactado polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído e integrado polos catro documentos que seguidamente se relacionan:

- Proxecto básico e de execución edificio socio cultural parroquia de Cela, Tomo I, asinado con data 25/9/2019
- Proxecto básico e de execución edificio socio cultural parroquia de Cela, Tomo II, asinado con data 25/9/2019
- Planos I asinado con data 28/5/2019
- Planos II asinado con data 25/9/2019

Segundo: De conformidade cos artigos 231.1 e 236 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que polo técnico competente se proceda a realizar o reformulo do proxecto.

Terceiro: Unha vez realizado o reformulo, incorporar o proxecto ao expediente de contratación para a aprobación deste pola Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Notificar este acordo a don David Sarmiento Nogueira, arquitecto redactor do proxecto, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Óscar A. García Patiño

Verónica María Otero López

FIRMADO POR Verónica María Otero López (FECHA: 23/12/2019 09:48:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/12/2019 10:31:00)

Verónica María Otero López (FECHA: 23/12/2019 09:48:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/12/2019 10:31:00)

Verónica María Otero López (FECHA: 23/12/2019 09:48:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/12/2019 10:31:00)

Verónica María Otero López (FECHA: 23/12/2019 09:48:00) , Óscar Alfonso García Patiño (FECHA: 23/12/2019 10:31:00)

Versión imprimible

CVD: 2UxdZdnOkP2eFuaGUDZS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.